



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 28 DE DECEMBRO DE 2015

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día vinte e oito de decembro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1108 de data 23 de xuño de 2015: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona María Dolores Blanca García Fernández.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 21 de decembro de 2015

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 21 de decembro de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros que asistirán á sesión (non asistiu o señor alcalde don Óscar A. García Patiño), aprobou o citado borrador.

2º.- Boletíns e correspondencia

- Correo electrónico de "gestionfeder" enviado o día 22 de decembro de 2015, no que comunica que con data de 22 de decembro de 2015 se publicou no Boletín Oficial do Estado a resolución da Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais pola que se conceden axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para cofinanciar actuacións de administración electrónica e de cidadáns en rede, durante o período de intervención 2007-2013. Figura o Concello de Cambre coa denominación do proxecto "Implantación da plataforma de administración electrónica AL SIGM no Concello de Cambre", cun importe de axuda de 53.599,24 euros. Así mesmo, comunica que no prazo de dez días, a contar dende o día seguinte ao da citada publicación, se deberá remitir a aceptación expresa da axuda, de conformidade co establecido no artigo 11.3 da Orde HAP/1700/2015, de 3 de agosto.

- Resolución do 30 de novembro de 2015 da Axencia Galega de Innovación, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concurrencia competitiva, das axudas do programa Conecta Peme para fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema rexional de innovación, a través do apoio a proxectos de investigación e innovación orientados ao mercado e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 para



Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e procédase á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN852A). (Diario Oficial de Galicia número 243, do 22 de decembro de 2015).

- Anuncio respecto da modificación da Resolución da Alcaldía número 1961/2015, do 9 de novembro, da orde de nomeamento dos tenentes de alcalde. (Boletín Oficial da Provincia número 244, do 22 de decembro de 2015).

- Escrito de dona Leonor Fernández Grande, rexistrado de entrada o día 22 de decembro co número 0/11614, concelleira do PSdeG-PSOE, no que comunica que estará ausente do termo municipal dende o día 24 de decembro de 2015 ao 7 de xaneiro de 2016.

- Correo electrónico da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no que comunica que no Boletín Oficial do Estado e Diario Oficial de Galicia do 21 de decembro de 2015 se publica a resolución de 11 de decembro de 2015, da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se publica o convenio de colaboración coa Xunta de Galicia sobre diversas actuacións de coordinación en materia de contratación pública. En concreto, afecta á futura integración do Rexistro xeral de contratistas da Xunta no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público e á interconexión da plataforma de contratos públicos de Galicia (PCPG) coa plataforma de contratos do sector público.

3º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 18 ao 22 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da alcaldía número 2227/2015 e remata coa resolución da alcaldía número 2307/2015.

4º.- Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Asistiu á reunión do Consello de Administración da Edar Bens o día 22 de decembro. Nesta reunión propuxo o nomeamento de don Juan González Leirós en substitución de don Augusto Rey Moreno.

- Igualmente asistiu á reunión da Xunta Xeral da Edar Bens o día 23 de decembro.

Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Don Juan A. González Leirós dá conta do seguinte asunto:

- Atendendo ao desenvolvemento e implantación de políticas medioambientais centrais no aforro enerxético, informa que se recibiu unha oferta de colaboración do Centro Tecnolóxico de



Eficiencia e Sostibilidade Enerxética, vinculado á Universidade de Vigo. Os asuntos que este centro oferta son os seguintes:

- consumo no parque edificatorio-vivenda e edificios públicos, transporte público, iluminación, etc.
- proxectos con enerxías renovables ou redución de consumos enerxéticos nas accións de: rehabilitación integral de edificios, plan de mellora de iluminación pública exterior, implantación e/ou integración de enerxías renovables.

Don Juan González Leirós manifesta que comunicará esta información aos departamentos de Urbanismo e Obras Públicas para que presenten as actuacións que crean necesarias co obxecto de avaliar a oferta e poñer en funcionamento unha política de consumo enerxético razoable.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- O mércores, 23 de decembro, O Apalpador nas parroquias: visitou A Barcala e as parroquias de Anceis e Andeiro.
- O sábado, 26 de decembro, recital de panxoliñas na Igrexa de Santa María de Cambre. Actuaron os seguintes coros: Coro de Sigrás, Aires Novos de Pravio, La Coral de Cecebre e o Coro de Cambre.
- O domingo, 27 de decembro, cantos de Reis no Centro Socio-Cultural da Barcala a cargo do Coro Arumes da Fraga, da Fundación Wenceslao Fernández Flórez de Cecebre.

Informes da concelleira delegada da área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- O sábado 26 e domingo 27 tivo lugar no campo de Lendoiro da Barcala o IV Torneo 11 Caballeros categorías benxamín e alevín. Proclamáronse gañadores da categoría benxamín o Sta. Mariña de Vigo e da categoría alevín o Santirso.
- O sábado 26 en horario de tarde tivo lugar no polideportivo Bernardo Bish o Torneo de Nadal en categoría de iniciación do Clube Arqueiros de Cambre.
- Cabe dicir que no parón de Nadal dou comezo a Copa da Coruña de fútbol, na que participan os equipos de Cambre.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Maria Dolores Blanca García Fernández dá conta do seguinte asunto:

- O día 22 decembro visitou o poboado do Nadal instalado na rúa Parroco M. Cobas, na parroquia do Temple. O día de inicio por motivos climatolóxicos debido ao forte vento rompeuse o Portal de



Belén e unha caseta, ademais contabamos cun carrusell que por razóns técnicas non se puido instalar.

O ambiente foi moi bo e coa compañía "A TODO TRAPO" houbo moita animación nas rúas. A animación correu por conta de actores e músicos ao longo dos tres días a xornada completa. Nas actuacións na praza encontrábase chea de nenos e pais e foi moi entretido e obtivo moito éxito. Ao longo dos días nos que se celebrou estivo vendo o seu desenvolvemento.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Oscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia